



Incorporación de Remanentes 10-R/21 (29/21)

Expte CIVIDAS nº 2021032749

IR – 10R/2021

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o **informe proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria** (ref.: JFC/142/2021), do 20/08/2021, refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, na mesma data, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da **"Incorporación de Remanentes"**.

Visto o **informe emitido pola Intervención Municipal** (ref.: 10R-21), o 25/08/2021, no que se conclúe:

"O expediente de incorporación de remanentes núm. 10 en tramitación, infórmase desfavorablemente por mor de inserir remanentes de crédito inexistentes na liquidación do orzamento do exercicio económico do 2020, cando menos na súa cuantificación.

Neste sentido, dunha mera observación do estado contable MEM201A2_04, relativo ao estado de Remanentes de crédito que obra no expediente da liquidación orzamentaria, cabe apreciar como a aplicación orzamentaria 280.2410.13100 "Persoal laboral temporal Form. Ocupacional ", reflicte uns remanentes de crédito en negativo e polo tanto non susceptibles de incorporación (en concreto -75.392,24 euros) polo que se incumpre o requisito esencial para a utilización desta figura de modificación orzamentaria consonte establece o artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais, tal e como resulta do estado contable que se achega."

Visto que **no informe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria citado no punto 2º xa se indicaba que:** "No expediente actual 10-R/21 se inclúen, a petición da Concelleira Delegada de Facenda, remanentes incorporables, que amparan os compromisos de gasto a que fai referencia o apartado 2º...

"Pola súa banda, o artigo 182 do TR da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo) dispón a este respecto que:

No obstante o disposto no artigo 175 desta lei, poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre que existan para elo os suficientes recursos financeiros:

- a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que foran concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio.*
- b) Os créditos que amparen os compromisos de gasto a que fai referencia o apartado 2.b) do artigo 176 desta lei.*
- c) Os créditos por operacións de capital.*
- d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.*

.....

Os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.

No presente expediente contémplanse exclusivamente remanentes de crédito que contan



con financiación afectada é dicir, créditos financiados con préstamos a longo prazo contratados con entidades financeiras, con subvencións finalistas de distintas entidades públicas ou con contribucións especiais xa ingresadas ou comprometidas."

Visto que no decreto nº 2020004466 de data 04/09/2020 polo que se crea o proxecto específico de gasto nº 20-2-28-01, se recolle expresamente que este ten unha **vinculación cualitativa** e que no decreto nº 2020005905 de 29/10/2020 polo que se crea o proxecto específico de gasto nº 20-2-28-02, se recolle esa mesma cualificación en canto a **vinculación como cualitativa**, o que conleva (BEO nº 44) que "os importes das aplicacións asignados ao proxecto serán restritivos para calquera outro gasto externo ao proxecto, pero o proxecto poderá consumir créditos por enriba do asignado, retraéndoo da bolsa de vinculación xurídica xeral á que pertence cada aplicación do proxecto".

Sendo que os estados contables incorporados ó expediente coma antecedentes deste, o estado de execución de proxectos e o estado de desviacións de proxectos por axente, recollen os importes que se incorporan neste acordo.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como a base número 17 do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,

ACORDO:

1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 10-R/2021, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2020, financiados con ingresos afectados, por un importe total de cincuenta e cinco mil trescentos sesenta e sete euros con vinte e catro céntimos (55.367,24 €), de acordo co seguinte detalle:

A) Remanente que se incorpora

Aplicación orzament. 2020				Descripción aplicación orzamentaria	Remanente a incorporar en euros	Fonte de financiamento	Código de proxecto
Aplicación orzament. 2021							
R	ORG	FUN	ECON				
	280	2410	13100	Persoal lab. temp. F. Ocupacional	16.613,13	RTGFA	20-2-28-01
N	280	2410	13100	Persoal lab. temp. F. Ocupacional		87010	
	280	2410	13100	Persoal lab. temp. F. Ocupacional	16.421,53	RTGX	20-2-28-01
N	280	2410	13100	Persoal lab. temp. F. Ocupacional		87000	
	280	2410	16000	Cota patronal S. Soc. Fomento emprego	5.459,62	RTGFA	20-2-28-01
N	280	2410	16000	Cota patronal S. Soc. Fomento emprego		87010	
	280	2410	16000	Cota patronal S. Soc. Fomento emprego		RTGX	20-2-28-01





Concello de **OURENSE**

						5.396,66		
N	280	2410	16000	Cota patronal S. Soc. Fomento emprego			87000	
	280	2410	16000	Cota patronal S. Soc. Fomento emprego	4.862,12	RTGFA		20-2-28-02
N	280	2410	16000	Cota patronal S. Soc. Fomento emprego			87010	
	280	2412	13100	Pers. lab. prog. fom. emp. e inseg. lab.	6.614,18	RTGFA		20-2-28-02
N	280	2412	13100	Pers. lab. prog. fom. emp. e inseg. lab.			87010	
				Total	55.367,24			

B) Recursos que financian a incorporación

Resumen fontes financiamento

Concepto de ingresos	Importe (€)
Rmte. de Tesourería para gastos con financiamento afectado (87010)	33.549,05
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (87000)	21.818,19
Total recursos financeiros dispoñibles	55.367,24

2.- Reflectir no exercicio contable 2021 as fases de gastos aprobadas e contabilizadas no exercicio 2020, nos proxectos de gasto obxecto de incorporación no punto anterior, segundo os correspondentes acordos adoptados.

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos, os Servizos afectados pola incorporación aquí aprobada aos efectos do seu coñecemento.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

